



ACTA DE DITAME DO XURADO DO XX PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO PARA TEXTOS TEATRAIS, VI PREMIO MANUEL MARÍA DE LITERATURA DRAMÁTICA INFANTIL E IX PREMIO BARRIGA VERDE DE TEXTOS PARA TEATRO DE MONICREQUES

LUGAR: sala de xuntas da AGADIC (rúa da Vesada s/n, Santiago)

DATA: 26 de outubro de 2011

HORA DE COMEZO: 12 h

HORA DE REMATE: 15 h

- Segundo as bases da convocatoria do XX premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais, VI Manuel María de literatura dramática infantil e IX Barriga Verde de textos para teatro de monicreques (establecida por medio da resolución do 21 de febreiro de 2011 e publicada no DOG do 1 de marzo de 2011, nº 41), o xurado, constituído polos membros que se relacionan de seguido, reúñese para fallar os premios na súa edición 2011.

XURADO:

Ángel Abuín González, presidente

Roberto Pascual vogal

Cristina Domínguez Dapena, vogal

Raúl Dans Mayor, vogal

Ignacio Vilariño Sanmartín, vogal

Paloma Lugilde Rodríguez, vogal

Actúa como secretaria, **Marcelina Calvo Domínguez**

- Faise contar que na reunión de constitución do xurado celebrada o 30 de xuño de 2011, e por unanimidade, o xurado decidiu deixar fóra do proceso os textos cos números de rexistro 1617 (título: *A bela Lena*, premio: Álvaro Cunqueiro) e 1616 (título: *Ariele*, premio: Manuel María) por incumprir claramente a base cuarta da convocatoria, que obriga a presentar en sobre pechado a documentación identificativa do autor ou autora.
- Algúns dos membros do xurado informan que o texto titulado *O neno Ibrahim ou a sopa da felicidade*, presentado ao Barriga Verde Infantil, nº de rexistro 1618, non contiña todas as páxinas. Ante esta incidencia o xurado decidiu, por unanimidade, deixalo fóra do proceso.
- Despois dunha primeira valoración xeral da calidade dos orixinais presentados, o xurado estableceu unha nota de corte de 70 puntos para poder ser merecente dos premios. A contía económica do premio, a publicación da obra premiada e, principalmente, o propio prestixio dos premios son os principais argumentos que os membros do xurado esgrimen para establecer os 70 puntos como nota de corte aceptable.



- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade adultos**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, **por unanimidade**, decide **deixar deserto o IX premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para adultos**, ao abeiro da facultade que lle outorga a base sexta da convocatoria.

O xurado apunta, como motivos, a baixa calidade tanto literaria coma dramática dos orixinais presentados, a dificultade na súa viabilidade escénica e a pouca adecuación dos textos ao teatro de monicreques.

- Valorados os textos presentados ao premio **BARRIGA VERDE, modalidade para rapaces**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado, **por unanimidade**, decide **deixar deserto o IX premio Barriga Verde de textos para teatro de monicreques, modalidade para rapaces**, ao abeiro da facultade que lle outorga a base sexta da convocatoria.

Como acontecera na modalidade de adultos, os textos presentados á modalidade infantil do Barriga Verde ofreceron, en xeral, segundo a opinión do xurado, unha moi baixa calidade tanto literaria coma dramática e, como os anteriores, pouca adecuación ao teatro de monicreques.

O xurado quere deixar constancia de que a súa decisión de deixar desertas as dúas modalidades dos premios Barriga Verde debe entenderse como unha chamada de atención ou reclamo para que o premio Barriga Verde se vexa máis favorecido en próximas edicións con textos de calidade, como así o merece esta disciplina do teatro de monicreques.

- Valorados os textos presentados ao premio **MANUEL MARÍA** e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **VI premio Manuel María de literatura dramática infantil** ao texto presentado baixo o título ***O refugallo*** (nº de rexistro 1522).

Aberta a plica, a obra resultou ser da autoría de **Paula Carballeira Cabana**. A autora declara que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.

O xurado destaca de *O refugallo* o coñecemento que demostra do oficio teatral, un texto xeneroso cos oficios da posta en escena, sobre todo no escenográfico e na dirección escénica. Conxunta a diversión cun certo didactismo e presenza de valores útiles para a reflexión crítica sobre a sociedade de consumo. Unha obra moi ben articulada, que define á perfección os caracteres dos personaxes, e de ritmo moi dinámico, que a fai especialmente viable para unha posta en escena para a infancia e a xuventude.

- Valorados os textos presentados ao premio **ÁLVARO CUNQUEIRO**, e despois das deliberacións oportunas, o xurado decide outorgar, por maioría, o **XX premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais** ao texto presentado baixo o título ***A cegueira*** (nº de rexistro: 1709).

Aberta a plica, o gañador resultou ser **Marcos Abalde Covelo**. O autor declara que o texto non foi publicado nin premiado en ningún momento anterior.



Salienta o xurado a aposta arriscada de *A cegueira* en favor dun teatro poético, de gran calidade literaria, que entronca coa tradición do grotesco, da cruidade, tan frutífera na escena galega e europea.

O texto destaca por ofrecer unha visión persoal, mesmo transgresora, novedosa no panorama actual, que concibe a creación teatral dende o punto de vista do mito e do absurdo da existencia contemporánea. Supón, por outro lado, un desafío para a posta en escena polo seu carácter aberto e imaxinativo, non oposto á súa viabilidade escénica.

- Rematado o proceso, levántase a sesión ás 15 horas.

E para que así conste, asinan esta acta en Santiago de Compostela a 26 de outubro de 2011 o presidente e a secretaria do xurado.

Ángel Abuín González
Presidente

Marcelina Calvo Domínguez
Secretaria

XX Álvaro Cunqueiro

Nº REGISTRO	TÍTULO/LEMA
509	A maleza
725	A raia amarela
870	Temos que falar de mamá
1043	A catequista / Lema: O elefante equilibrista
1394	Todo baixo control/ Lema: Doutor Cordotolo
1409	Últimas vistas
1425	A noria: anti-comedia peripatética / Lema: Paradisus: xardín circular
1478	Cando deixas de ser aprendiz es un veterano / Se pensas que o sabes todo estás acabado / Retírate ou volve a aprendiz
1523	Area nos zapatos (Praga)
1553	O terror de Xacob
1612	Sabedes que mai quixera ser bailarina
1617	A bela Lena
1619	Casa Mundo
1629	Tromparia
1630	Os días perdidos
1642	Semente
1707	Cadea de favores
1708	Ollos de cabalo para a melancolia/Lema: Finale/Coágulo
1709	A cegueira
1710	Callaecia
1711	Paraísos de invernadoiro / Lema: Cinturón negro de karaoke
1716	Tres pés ó gato
1743	A semente / pseudónimo: Raposo Fdz.

VI Manuel María

Nº REGISTRO	TÍTULO/LEMA
800	Lema: Tic-tac
1102	Lema: Pingas de chuvia e de sol
1297	O bergantín do capitán Garfo / Lema: Malen do Iberr
1480	A reciclaxe empeza dentro de cada un
1520	Onde dormen as fadas
1521	Malos tempos para o detective Malow
1522	O refugallo
1611	Adela e a xirafa
1616	Ariele
1634	Á procura das árbores das palabras
1703	Roucolanda
1704	Hermes Gramalleira, mago de primeira / lema: Paracelso
1705	Máis raro é que neve en agosto en Vigo
1706	Desorbitados
1717	Malos entendidos
1718	Unha de piratas
1763	O equipo B

IX Barriga Verde modalidade infantil

Nº REGISTRO	TÍTULO/LEMA
1479	O pedregal na paisaxe/Na paisaxe todo é pedra/Se queres atopar tesouros/ Entra con respecto nela
1618	O neno Ibrahim ou a sopa da felicidade
1633	Glugú, pantasma dos Baños desde 1711 / Lema: Gluglú
1715	Lema: Troula en febreiro

IX Barriga Verde modalidade adultos

Nº REGISTRO	TÍTULO/LEMA
477	Nécoras / Lema: Gamelan Kulit
569	Función de títeres (ou a farsa historia de Santiago)
1466	Entremeses